



Guía Docente				
Datos Identificativos				2022/23
Asignatura (*)	Didáctica da física e química	Código	652601123	
Titulación	1 Mestrado Universitario de Profesorado de Educación Secundaria: Ciencias Experimentais			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	Anual	Primeiro	Obrigatoria	4.5
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Pedagogía e Didáctica			
Coordinación	Golías Pérez, Yolanda	Correo electrónico	y.golias@udc.es	
Profesorado	Golías Pérez, Yolanda	Correo electrónico	y.golias@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Materia dirixida basicamente ao desempeño do labor docente -ensino da Física e da Química - na educación secundaria e o bacharelato. Está especialmente centrada na toma de decisións sobre que e como ensinar, ten un carácter teórico práctico e desenvólvese ao longo de 4,5 créditos.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A20	(CE-E6)Transformar os currículos en programas de actividades e de traballo.
A22	(CE-E8)Fomentar un clima que facilite a aprendizaxe e poña en valor as achegas dos estudantes.
A25	(CE-E11)Coñecer e aplicar propostas docentes innovadoras no ámbito da especialización cursada.
A27	(CE-E13)Identificar os problemas relativos ao ensino e a aprendizaxe das materias da especialización e expor alternativas e solucións.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Transformar o currículo de Física e Química en programas de actividades e de traballo.		AP20	CM1 CM3
Fomentar un clima que facilite a aprendizaxe e poña en valor as achegas dos estudantes de secundaria, tomando como referente os desenvolvementos teórico-prácticos do ensino e a aprendizaxe da Física e da Química.		AP22	CM6 CM8
Identificar os problemas relativos ao ensino e a aprendizaxe da Física e da Química e plantexar alternativas e solucións		AP27	CM7 CM8
Coñecer e aplicar propostas docentes innovadoras co relación ós contidos curriculares da especialización cursada		AP25	CM4 CM7

Contidos	
Temas	Subtemas



1. A Física e Química no contexto da Educación Secundaria.	1.1 Os obxectivos de ensino da Física e Química. A súa contribución á adquisición de competencias básicas. 1.2 O currículo oficial como referente.
2. Selección e secuenciación de contidos	2.1 Qué ensinar de Física e Química. 2.2 A necesaria concreción curricular: Delimitación do contido escolar. Exemplificacións.
3. Problemas de aprendizaxe dos contidos de Física e Química.	Factores que condicionan a aprendizaxe científica: dificultades de aprendizaxe e recomendacións didácticas
4. Recomendacións didácticas e recursos específicos para a ensinansa-aprenizaxe da Física e Química	Cómo promover a aprendizaxe a través de actividades, prácticas (indagación, modelización, etc.), cuestións, problemas, saídas de campo, museos, etc. e outros recursos. Ejemplificaciónes
5. Deseños de propostas de ensino en Física e Química. Tomando decisións sobre qué e cómo avaliar.	Análise e elaboración de propostas de ensino sobre: os estados da materia, substancias e mesturas, estrutura e propiedades das substancias, cambios químicos e físicos, interaccións mecánicas, tipos e transformacións enerxéticas, mecanismos de transferencias, etc.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A20 A25 C4	12	12	24
Aprendizaxe colaborativa	A22 A25 A27 C3 C6	16	32	48
Traballos tutelados	A20 A22 A25 A27 C1 C7	0	17	17
Presentación oral	A20 C1 C3	3	3	6
Análise de fontes documentais	A25 A27	0	9	9
Proba mixta	A20 A27 C1 C8	1	3	4
Atención personalizada		4.5	0	4.5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais. Empregarase especialmente para introducir novos coñecementos científicos/didácticos. Ademais, procurarase interaccionar co alumnado a partir da formulación de interrogantes e para discutir e xustificar a idoneidade do novo coñecemento fronte a posibles interpretacións menos axeitadas
Aprendizaxe colaborativa	Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe orientados de forma presencial (laboratorio ou na aula) con soporte de tecnoloxías da información e da comunicación, tanto en pequeno coma en gran grupo, os que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas pola profesora para optimizar a súa propia aprendizaxe e colaborar na do resto de membros do grupo. Inclúese neste tipo de metodoloxía: os eventos científicos e/ou divulgativos (asistencia a seminarios, xornadas, etc.), lecturas de libros, artigos e outros textos, saídas de campo ou actividades fóra da facultade, etc. A docente propondrá solución de problemas a partir dos contidos traballados nas sesións ou ben de casos de actualidade científica. Ao longo do curso o profesorado poderá pedir aos estudantes as exposicións orais dos traballos realizados individualmente ou en grupo, propoñendo preguntas, solicitando aclaracións, etc. ou sobre as tarefas levadas a cabo nas sesións.
Traballos tutelados	Metodoloxía que pretende promover a aprendizaxe autónoma do alumnado a nivel individual e grupal. Elaboración fundamentada de propostas concretas de intervención na aula en pequeno grupo, baixo a supervisión da profesora e avaliación da súa idoneidade. Realizaranse ao longo do desenvolvemento da materia e deberán exporse aos demais grupos



Presentación oral	Presentación e debate por parte do alumnado de propostas de ensino aprendizaxe de elaboración propia, relativos a temas concretos de Física/Química.
Análise de fontes documentais	Utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos relevantes para a temática da materia con actividades especificamente deseñadas para a análise dos mesmos
Proba mixta	Proba escrita individual a realizar na data acordada oficialmente, que pode integrar preguntas de resposta breve (identificación de contidos relevantes, descrición de dificultades de aprendizaxe sobre un tópico concreto...) e/ou preguntas de ensaio e desenvolvemento (análise de situacións, resolución de problemáticas, valoración de propostas concretas...) relacionadas co ensino e aprendizaxe dos contidos de Física/Química na educación secundaria.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Realizaránse titorías específicas co alumnado, individualmente ou en pequeno grupo, co fin orientar adecuadamente a realización das actividades e traballos tutelados propostos e clarificar posibles dúbidas xurdidas durante o seu desenvolvemento. Ademais, programaranse reunións, en grupo reducido ou individualmente, co alumnado que non acuda ao 80% das sesións e teña recoñecida a dedicación a tempo parcial e dispensa académica que lles exime da asistencia a clase, con obxecto de realizar unha adecuada orientación dos traballos tutelados.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Aprendizaxe colaborativa	A22 A25 A27 C3 C6	Valorarase a capacidade reflexiva e analítica respecto das tarefas desenvolvidas na aula, que o alumnado deberá reflectir grupal e/ou individualmente por escrito. Ademias, terase en conta a participación activa, o interese, a capacidade de razoamento, a actitude positiva, etc.	10
Traballos tutelados	A20 A22 A25 A27 C1 C7	Valorarase a capacidade de deseñar propostas concretas de intervención, teóricamente xustificadas dende a Didáctica das Ciencias, e de reflexionar sobre a súa idoneidade unha vez presentadas.	50
Proba mixta	A20 A27 C1 C8	Se valorará la aplicación de conocimientos y destrezas adquiridos durante lo curso y especialmente la capacidad analítica e interpretativa del alumnado en relación a problemas, situaciones, materiales...relacionadas con la enseñanza y aprendizaje de Física/Química en la educación secundaria.	40

Observacións avaliación



Na primeira oportunidade a cualificación final será consecuencia dos resultados obtidos nas tarefas e traballos tutelados realizados durante o curso e a proba

escrita. A cualificación será a media ponderada das notas obtidas en cada parte, debendo obter en cada unha delas un aprobado (5 sobre 10).

É requisito imprescindible unha asistencia

mínima do 80% ás sesións presenciais. A súa asistencia é obrigatoria e son non recuperables. No caso de non alcanzarse dito porcentaxe as tarefas e traballos non serán avaliados e a cualificación será de non presentado.

Segundo o establecido no artigo 12º da

Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións de estudos de grao e mestrado universitario? na UDC (29/06/2017), referente á solicitude

de realización de probas de avaliación en datas distintas da ordinaria, cabe destacar que, só refírese ás probas que

se realicen no período de avaliación establecido polo calendario académico,

polo que quedan expresamente excluídas as probas de avaliación continua que se

realicen fora do devandito período. Por este motivo, non se aceptarán

documentos de ningún tipo para xustificar a non asistencia ás sesións.

Na segunda oportunidade- O

alumnado que asistiu a lo menos ó 80% das sesións deberá repetir as partes non superadas (tarefas/traballos e/ou proba escrita).

-

Os/as estudantes que non alcanzaran o porcentaxe de asistencia esixida ás sesións presenciais deberán presentar, individualmente, todas as tarefas/traballos propostos ó longo do curso.

-En

calquera caso, a cualificación será a media ponderada das notas obtidas en cada parte, debendo obter en cada unha delas un aprobado (5 sobre 10).

O alumnado con recoñecemento

de dedicación a tempo parcial e dispensa académica que lles exixe

da asistencia a clase segundo o establecido na "Norma que regula o

régime de dedicación ao estudo dos estudantes de Grao" na UDC

(29/05/2012):

- Deberán

poñelo en coñecemento da profesora a primeira semana de clase

Na

primeira oportunidade, ademais da proba escrita, terán que

realizar, individualmente, todas as tarefas/traballos propostos ó longo do

curso e entregalos nas datas que estableza a profesora.

A

cualificación final será a media ponderada das notas das tarefas e traballos

realizados durante o curso e da nota da proba escrita, debendo obter en cada

unha das partes un aprobado (5 sobre 10).

Na

segunda oportunidade, deberán repetir ás partes non superadas (tarefas/traballos

e/ou proba escrita).

A cualificación final será a media ponderada das notas das tarefas e traballos realizados durante o curso e da nota da proba escrita, debendo obter

en cada unha das partes un aprobado (5 sobre 10).

NOTAS XERAIS A AMBAS OPORTUNIDADES É primordial e obrigatoria a corrección ortográfica (ortografía,

acentuación e puntuación), gramatical e léxica nos traballos e exames

realizados como condición imprescindible para superar a materia. No relativo á realización fraudulenta (plaxio) das probas de avaliación

será motivo de suspenso da materia, según o establecido no artigo 14. 4. Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario: "Na realización de traballos, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través da internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é ou caso, ou permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade. Todo iso sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias ás que puidese haber lugar tras o correspondente procedemento".



Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Caamaño A (2011). Física y Química. Vol I, II y III. Graó. Barcelona - Caamaño, A. (2020). Enseñar química: de las sustancias a la reacción química . Graó. Barcelona - Carmen, L. del (1997). La enseñanza y el aprendizaje de las Ciencias de la Naturaleza en la educación secundaria. ICE UB/Horsori. Barcelona - Driver, R. y otros (1999). Dando sentido a la Ciencia en secundaria. Investigaciones sobre las ideas de los niños. Visor. Madrid - Gil.D. (1991). La enseñanza de las Ciencias en la educación secundaria. Horsori. Barcelona - Jiménez Aleixandre, M.P (1996). Dubidar para aprender. Xerais. Vigo - Jiménez Aleixandre, M.P. (coord (2003). Enseñar Ciencias. Graó. Barcelona - Jiménez Aleixandre, M.P. (2010). 10 ideas clave. Competencias en argumentación y uso de pruebas. Graó. Barcelona - Membiela, P. (2001). Enseñanza de las Ciencias desde la perspectiva CTS. Narcea. Madrid - Nieda, J. y otros (2004). Actividades para evaluar Ciencias en secundaria. Visor: Madrid - Pedrinaci (coord.) (2013). 11 ideas clave. El desarrollo de la competencia científica. Graó. Barcelona - Perales , J. (2000). Resolución de problemas. Santillana. Madrid - Perales, J. y Cañal, P. (2000). Didáctica de las Ciencias Experimentales . Marfil. Alcoy - Pozo, J.I. y Gómez Crespo, M.A. (1998). Aprender y enseñar Ciencia. Morata. Madrid - Prieto, M.T. y otros (2000). La materia y los materiales. Síntesis. Madrid - Sanmartí, N. (2002). Didáctica de las Ciencias en la educación secundaria obligatoria. Síntesis Educación. Madrid - Solbes, J. y Jiménez , R. (2019). Propuestas de educación científica basadas en la indagación y modelización en contexto. Tirant lo Blanch, Tirant Humanidades - Martín, M.J., Gómez, M.A. y Gutiérrez, M.S. (2000). La física y la química en secundaria. Narcea. Madrid - Domènech, J. (2019). Aprendizaje Basado En Proyectos, Trabajos prácticos y Controversias. . Editorial Octaedro, S.L - Varela, P&lt;em&gt;, et al. (2000). Electricidad y magnetismo. Síntesis Educación. Madrid - Blanco, A. y Lumpión, T. (2016). La competencia científica en las aulas. Nueve propuestas didácticas. - García-Carmona, A. (2011). Aprender física y química mediante secuencias de enseñanza investigadoras. . Aljibe. Málaga - González , M.E (coord.) (2013). 84 experimentos de química cotidiana en secundaria. Graó. Barcelona - Cebrian, D., Franco, J. Lupión, T., et al. (coord (2021). Enseñanza de las ciencias y problemas relevantes de la ciudadanía. Transferencia al . Graó.Barcelona
Bibliografía complementaria	<p>Revistas: - Alambique - Enseñanza de las Ciencias - Revista Electrónica de Enseñanza de las Ciencias - Revista Eureka sobre Enseñanza y Divulgación de las Ciencias Normativa curricular: http://www.edu.xunta.gal/portal/guiadalomce</p> <p>Recursos web: - Materiales de Didáctica de las Ciencias. Física y Química. Curso básico de didáctica de las ciencias. Enseñanza secundaria. Profesorado de ciencias en formación y en activo (didactica fisica quimica.es) -Guía para el diseño, implementación y evaluación de talleres experimentales. (http://www.crecim.cat/portal/images/fecyt/Guia_talleres_Fecyt_revisada.pdf)</p>

Recomendacións

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Didáctica da bioloxía e xeoloxía/652601122

Materias que continúan o temario

Observacións



1.- A entrega dos traballos documentais será telemáticamente, a través do campus virtual e, se non é posible:- Realizaranse impresións a dobre cara.- Empregarase papel reciclado.- Evitarase a impresión de borradores.-Evitarasese o uso de plásticos2.- Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural.3.- Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sostenibilidade nos comportamentos persoais e profesionais4.- Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores de ambos os sexos, propiciarse a intervención en clase de alumnos e alumnas?)5.- Traballarase para identificar e modificar prexuizos e actitudes sexistas, e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.6. Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas.7. Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías